

“A maiores do seu interese produtivo, hoxe xa ninguén pon en dúbida que os bosques e os montes teñen, entre outros, moi importantes cometidos ecolóxicos, de preservación das especies da flora e da fauna e dos ecosistemas; así mesmo contribúen á regulación do ciclo da auga, son pantalla para certos fenómenos atmosféricos, así como tamén desempeñan outras funcións sociais e de paisaxe.

A enorme superficie ocupada polo monte inculto non foi tanto a consecuencia dunha situación de abandono, senón porque na agricultura tradicional era necesaria unha grande proporción de monte a mato como apoio das tarefas produtivas. Por cada hectárea de cultivo precisábanse varias de toxal para esquilmo e combustible, de tal xeito que chegouse a facer del un verdadeiro cultivo que ocupaba entre o 50 -65 % da superficie utilizable.

As transformacións na agricultura e o desmoroamento do sistema tradicional, ocasionaron unha meirande acumulación de mato no monte que o fan impenetrable e constitúe un elevado risco para os incendios. Isto tamén favoreceu a expansión das especies foráneas de medra rápida que hoxe hexemonizan a paisaxe forestal.

Piñeiros e eucaliptos son os principais monocultivos de repoboación en Galicia. O piñeiro bravo é a árbore máis abundante. Foi introducido xa hai máis de dous séculos, espallándose sobre todo nos últimos decenios cos plans repoboadores da administración forestal. O eucalipto foi introducido a mediados do pasado século, mais a súa expansión foi predominante nas últimas décadas e case exclusivamente nos montes particulares, baixo o amparo da administración e favorecida por unha demanda industrial crecente.

Os castiñeiros, apreciados polo seu froito e madeira, foron espallados polos romanos. Hoxe conseguíronse híbridos resistentes á enfermidade da tinta que desde principios de século, dezmou case todos os soutos.”⁽¹⁾

A formación clímax fundamental desta comarca, é o bosque mixto caducifolio, ou Robledal Atlántico, que ten a súa máis fidedigna expresión nas “carballeiras” ou “fragas”.

As **carballeiras** teñen como árbore dominante o carballo (*Quercus robur*). Acompañan a esta, árbores frondosas caducifolias como o castiñeiro, avelaira, cerdeira, bidueiro ou freixo, e outras alóctonas, como acacia (*Acacia melanoxylon*) ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*).

Loureiros, sanguíños, estripeiros, ... son algúns dos arbustos que forman parte do sotobosque, sen esquecermos da xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*) especie que forma a asociación vexetal que define cientificamente a estas carballeiras co nome de *Rusco aculeati-Quercetum roboris*.

Esta variada vexetación configura unha complexidade de biótopos que permiten que a diversidade se estenda tamén ó mundo animal. Paxariños coma os pimpíns, ferreiriños, gabeadores; aves de rapina diúrnas coma o azor, gabián, miñado; nocturnas

como a avelaiona ou o moucho de orellas, a curuxa, son algúns dos representantes da avifauna.

Entre os mamíferos citamos a presenza do raposo, xabaril, teixugo, xeneta, esquío, ... ademais da comunidade de roedores e micromamíferos como os musgaños.

Contrariamente ás plantacións de repoboación, teñen as carballeiras unha elevada resistencia natural ó incendio.

Está como formación representativa de bosque autóctono, **O Carballal de Coiro**, parte importante do Patrimonio Natural do Morrazo polos seus valores ecolóxico, económico, paisaxístico, histórico, educacional e recreativo. Parte destes valores levaron a que a Administración Autonómica o declarase Espacio Natural Protexido no Decreto 242/1989, medida claramente insuficiente por se soa, pois como se pode comprobar, as actividades humanas pouco respectuosas (talas abusivas, lixo, incendios, construción de pistas, etc.) xunto coa invasión de especies foráneas (piñeiros e eucaliptos) ameazan a súa conservación e poden supoñer, se non se toman outras medidas complementarias, a desaparición deste bosque en non moi longo prazo.

Este bosque constitúe un dos últimos redutos de vexetación caducifolia que se conservan na costa do sur de Galicia. Cunha superficie aproximada de 365 Ha., está constituído fundamentalmente por carballos, acacias, castiñeiros e abundante sotobosque de loureiros, estripeiros, xilbarbeiras e fentos, repartíndose entre os concellos de Cangas, Bueu e Moaña, e estendéndose máis alá da zona inventariada como protexida. Falamos das carballeiras de Cella en Bueu, Pastoriza en Marín, as de Broullón ou o río da Fraga en Moaña.

Un aspecto a destacar consiste en que o Carballal actúa como captador e reservorio de auga nunha comarca onde escasea este recurso. Aparte doutros regatos que discorren pola serra, aquí ten o seu nacemento o río Bouzós, con auga durante todo o ano, que rega o fértil val de Coiro.

Por outra parte, o bosque alberga unha interesante comunidade de vertebrados dependente da vexetación caducifolia, xa desaparecida nas inmediacións.

As augas dos Montes do Morrazo discorren cara dúas vertentes. A vertente Sur cae sobre a ría de Vigo, e a vertente Norte sobre as rías de Pontevedra e Aldán.

En xeral os ríos son de seccións reducidas e discorren con aceptable velocidade debido ás pendentes pronunciadas polas que baixan. Non levan caudais moi importantes, pero anque con variacións estivais, levan auga todo o ano.

Hai ríos máis caudalosos e longos con cuncas máis longas e amplas por baixar de maiores altitudes, e outros máis curtos e de menor caudal.

As beiras dos ríos ocúpana principalmente amieiros e salgueiros. Miramos tamén bidueiros, algún que outro freixo e varias especies de fentos e outras plantas como o couselo (*Umbilicus pendulinus*). Estas e outras especies forman o chamado **bosque de ribeira**, que asociado aos cursos de auga e lugares encharcados está formado por unha flora e fauna que precisa da humidade para o seu desenrolo. Entre a fauna cabe subliñar a presenza da saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), endemismo do noroeste ibérico ou a toupa de río (*Galemys pyrenaicus*) outro endemismo de difícil observación.

RISCOS E AMEAZAS.-

Entre os riscos e ameazas que penden sobre os montes do Morrazo está a excesiva eucaliptización dos últimos anos promovida por criterios economicistas e de rendemento a curto prazo que provocan unha evidente perda de calidade ambiental.

“Tense demostrado que o eucalipto produce substancias tóxicas con efectos no solo sobre a xermolación e crecemento de herbas e arbustos do sotobosque. Así pois, existe un empobrecemento da diversidade florística debaixo dos eucaliptos e unha meirande pobreza faunística no solo do eucaliptal.

É notable a constatación da escaseza de paxaros nos eucaliptais en relación con outros tipos de bosque. As posibles causas poderían ser debidas ós poucos insectos comedores de follas que hai, ó ter copas moi abertas pouco favorables para nidificar, escaseza de alimento ou inadaptación ás peculiaridades do eucalipto, tales como a floración, que fai ó tempo cos seus semellantes de Australia, cando aquí é inverno.

Outros aspectos a ter en conta, son a súa capacidade invasora, xa mencionada, o risco de erosión, a lentitude no apodrecemento das cepas e o seu impacto na paisaxe.”
(1)

Outra das ameazas é a do proxecto de construción dunha vía de alta capacidade entre a Ponte de Rande, en Domaio, e o lugar de Gandón, en Aldán, obra coa que se pretenden resolver os problemas de comunicación da comarca dun modo simplista e sen estudar outras alternativas á altura dos tempos actuais e sen avaliar nen actuar sobre os efectos que vai causar nas xa conxestionadas zonas costeiras.

Esta vía rápida sería o principal atentado ambiental dos últimos anos no Morrazo, tanto polas afeccións directas da vía como polas indirectas que ocasionaría, e quizabes definitivo para varios espazos naturais xa bastante degradados, afeccións que non está a ter en conta nos estudos de impacto ambiental:

- Por cortar ducias de camiños, incluída a Ecorruta do Morrazo, roteiro de longo percorrido homologado (G.R. 59), e polos danos ecolóxicos que motiva.
- Por producir unha excesiva ocupación de terreo forestal e agrícola, aterrando vales como o de Angueiro en Coiro ou da Ameixoadá en Moaña.
- Por alteración na paisaxe grave e irreversible, recoñecido no propio proxecto o seu carácter crítico.
- Por afectar o réxime hidrolóxico, tanto das augas superficiais como das freáticas, ao cortarse o seu fluxo natural.
- Por canalizar tódalas augas que corta, ademais das que recolle a propia vía, e conducilas aos pequenos ríos existentes, aumentando a posibilidade de provocar riadas e asolagamentos nas zonas baixas.

(1).- R. Pérez Moreira. “Ecoloxía forestal e ordenación do bosque”. Edicións do Castro. A Coruña.